

**DECRETO CONVOCATORIA XGL. EXPTE Nº: 2022/G005/000051.**

**Excma. Sra. D.<sup>a</sup> LARA MÉNDEZ LÓPEZ, Alcaldesa Presidenta do Excmo. Concello de Lugo.**

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 124.4.d) do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, **CONVOCO** sesión da **Xunta de Goberno Local**, que se levará a cabo por **vía telemática** o vindeiro **mércores, día 16 de novembro de 2022, ás 10:00**, de acordo coa seguinte orde do día confeccionada para o efecto:

**ÁREA DE GOBERNO DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS**

**CONTRATACIÓN E PATRIMONIO**

1. SEGUNDA PRÓRROGA DO CONTRATO DO SERVIZO DE COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE NA "EXECUCIÓN DE REPARACIÓNS E TRABALLOS DE APOIO NA REPARACIÓN DE AVARIÁS NA REDE DE ABASTECIMENTO DE AUGA DO CONCELLO DE LUGO", EXP. REF. 2020-C003-000045, DENDE O 12 DE OUTUBRO DE 2022 ATA O 8 DE NOVEMBRO DE 2023.
2. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ATENCIÓN TELEFÓNICA AO CIADÁN (010), EXP. REF: 2018-12 (TECOL: 2019/C003/000007). RESOLUCIÓN DEFINITIVA DO CONTRATO ADMINISTRATIVO.
3. CONTRATO DA OBRA "RENOVACIÓN DAS REDES DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO EN VARIAS RÚAS DO BARRIO DO GRUPO LA PAZ", EXP. REF. 2021-C002-000055. INCOACIÓN DE EXPEDIENTE DE RESOLUCIÓN DO CONTRATO POR DEMORA NO CUMPRIMENTO DE PRAZOS.

**PERSOAL**

4. PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DOS MEMBROS DA COMISIÓN DE VALORACIÓN DO CONCURSO NO EXCMO. CONCELLO DE LUGO PARA XEFES/AS DE NEGOCIADO E XEFES/AS DE GRUPO.
5. ASUNTO: PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL 18/594 DE APROBACIÓN DAS BASES XERAIS QUE REGULAN A CREACIÓN E FUNCIONAMENTO DAS BOLSAS DE TRABALLO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO E DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL 15/306, CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA A CREACIÓN DE BOLSAS DE TRABALLO (APARTADO 2.1.B, DAS BASES XERAIS QUE REGULAN A

## **ACTAS E GOBERNO**

JDR/cvr

Refª: ispac2494433001278435191.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 16-11-2022

CREACIÓN E FUNCIONAMENTO DAS BOLSAS DE TRABALLO NAS CATEGORÍAS PROFESIONAIS) NAS CATEGORÍAS PROFESIONAIS.

### **ÁREA DE GOBERNO DE SOSTIBILIDADE URBANA**

#### **LICENZAS URBANÍSTICAS**

6. LICENZA URBANÍSTICA PARA INSTALACIÓN DUN NOVO PUNTO DE TRANSFERENCIA DE FORSU NA PLANTA DE TRANSFERENCIA EXISTENTE SITA NA RÚA DOS CARROS, POLÍGONO DO CEAO (Exp. 2022/Y001/000156).

7. LICENZA URBANÍSTICA PARA A AGREGACIÓN E SEGREGACIÓN DAS PARCELAS, SITAS NA AVENIDA DA CORUÑA, NÚMEROS 309-313, ESQUINA RÚA LADRA, NÚMERO 2-6 (2022/Y005/000003).

8. LICENZA URBANÍSTICA PARA INSTALACIÓN DE ASCENSOR EN EDIFICIO DE VIVENDAS DE PLANTA BAIXA, ENTRESOLLADO, CATRO PLANTAS ALTAS E BAIXOCUBERTA, NA RÚA RÍO LOR, NÚMERO 7 (Exp. 2022/Y001/000149).

9. LICENZA URBANÍSTICA PARA REFORMA DAS ZONAS COMÚNS DUN EDIFICIO DE VIVENDAS E REFORMA DA VIVENDA DA PRIMEIRA PLANTA DO EDIFICIO, SITO NA RÚA FALCÓN, NÚMERO 7 (Exp. 2022/Y001/000139).

10. LICENZA URBANÍSTICA PARA AGREGACIÓN DAS PARCELAS H.3.3 E H.3.4, PARA A CONSTRUCCIÓN DE NAVE INDUSTRIAL DE PLANTA BAIXA SEN USO DEFINIDO NA VÍA B, PARCELAS H.3.3-H.3.4, DO PARQUE EMPRESARIAL AS GÁNDARAS (2022/Y001/000209).

#### **ARQUITECTURA**

11. ENCOMENDA DE XESTIÓN Á EMPRESA MUNICIPAL DE VIVENDA E SOLO DE LUGO (EVISLUSA), EN CANTO ENCARGO A MEDIO PROPIO PERSONALIZADO, PARA A REDACCIÓN DOS INFORMES TÉCNICOS NECESARIOS DENTRO DAS FUNCIÓNS MUNICIPAIS DE VIXILANCIA E TUTELA DO DEBER XERAL DE CONSERVACIÓN DOS INMOBLES: ORDES DE EXECUCIÓN OU, SE É O CASO, INFORMES RELATIVOS ÁS DECLARACIÓNS DE RUÍNA.

### **ÁREA DE GOBERNO DE COHESIÓN E DINAMIZACIÓN SOCIAL**

#### **DEPORTES**

12. INICIACIÓN E ADXUDICACIÓN DE SUBVENCIÓN PREVISTAS NOMINATIVAMENTE NO ORZAMENTO POLO PROCEDIMENTO DE

### CONCESIÓN DIRECTA MEDIANTE CONVENIO A FAVOR DE FEFEME.

O que se comunicará ós membros da Xunta, coa remisión da convocatoria e coa indicación de que, no caso de non poder asistir, deberán comunicarllo á Alcaldía coa antelación suficiente. A documentación dos asuntos incluídos na orde do día atópase a disposición dos membros da Xunta, a partir da data desta convocatoria, no Servizo de Actas e Goberno.

Así mesmo, ó abeiro do disposto no artigo 126.5 da Lei 7/1985, convóquese á sesión ó Vicesecretario accidental, como órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, e ó Interventor Xeral Municipal.

Para os efectos da válida constitución da Xunta de Goberno Local, estarase ó disposto no artigo 126 da Lei 7/1985 e 16.4 do Regulamento orgánico municipal do goberno e administración do Concello de Lugo. De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes, a maioría absoluta dos seus membros, terá lugar en segunda convocatoria, unha hora despois da sinalada para a primeira, sempre que o número de asistentes non sexa inferior a un terzo dos seus compoñentes, que non poderá ser inferior a tres.

Cúmprase.

**Asinado dixitalmente pola Alcaldesa-Presidenta,**